

MANIFESTO “QUE NONS DEVOLVAN O NOSO PARAISO ROUBADO”

A veciñanza de Lourizán leva máis de dúas décadas soportando unha depuradora que funciona mal, soportando os malos cheiros e mesmo escuma branca que se cola polas xanelas. Uns malos cheiros que ademais se suman aos da Celulosa e aos da súa depuradora. Facendo que dos Praceres, deses “praceres” dos que nos falaban os nosos avós e as nosas avoas só quede o seu nome.

A Xunta podería telo solucionado con cartos, simplemente cubrindo os tanques e facéndoos herméticos. Pero nunca foi unha preocupación mellorar a calidade de vida dos residentes en Lourizán.

Por outra banda, derivado da mala planificación do saneamento da ría de Pontevedra e do mal funcionamento da EDAR, a Ría, e máis concretamente, o banco marisqueiro, leva todos estes anos a ser contaminado. Pero isto tampouco parecía importarlle demasiado á xunta de Galicia. As presas entráronlle só cando asomaron as multas da UE. E a súa solución é a máis barata, a máis cómoda e a que consideraron a máis rápida. Pero non contaban con que a parroquia de Lourizán se ía a levantar, unha vez máis, contra unha nova agresión.

Somo fillos e fillas, netos e netas, bisnetos e bisnetas ... de mariscadores e mariscadoras de Lourizán. Na nosa casa escoitamos como as nosas bisavoas se levantaron contra o dragado do banco marisqueiro nos anos 20. Logo foron as nosas avoas as que loitaron contra a “autovía de Marín” e contra a instalación da Celulosa. Máis tarde foron as nosas nais as que pararon, deitándose diante dos camións, o asteleiro que querían construír na praia da Posta, a única praia mariña que queda no concello de Pontevedra. Xa sabedes que houbo un tempo non lonxano no que de Pontevedra a Marín “era todo praia”. No ano 2000 viñeron o tren pola praza e os recheos do Porto.

Na véspera de Fin de ano tomamos as uvas nos Praceres, unha por cada aberración cometida na parroquia. E aínda tivemos que deixar fóra algunha. Estas foron as doce elixidas:

1. ENCE, 2. Elnosa, 3. Autovía, 4. EDAR, 5. Depuradora de ENCE, 6. Subestación eléctrica da Gandarela, 7. Variante de Marín e rotonda de Cocheras, 8. Tren pola praza, 9. Recheos do Porto de Marín, 10. Escalectrix dos Praceres, e as dúas últimas, 11. Novo emisario submarino e 12. Ampliación da EDAR.

E unha vez máis, os veciños e as veciñas de Lourizán estamos en pé de loita para intentar deter estas novas agresións, que esta vez serían a “puntilla” para a nosa parroquia. Pero non podemos gañar esta batalla sós. Necesitamos o apoio das persoas sensatas e solidarias de Pontevedra, de Marín, de Poio, das asociacións, dos partidos políticos, porque só coa unión e o compromiso da cidadanía poderemos vencer ante o poder asoballante da Xunta de Galicia.

No ano 2016, a raíz da sentenza do tribunal Supremo, que declaraba a ilegalidade da EDAR dos Praceres, Costas ditaminou no expediente de caducidade que tanto a EAR e como o emisario existentes e o comedor de ENCE\$, eran legalizables, pero en cambio, ordenou derribar o campo de fútbol, precisamente a infraestrutura que daba servizo aos veciños. ENCE desmantelou o campo en tempo récord e a empresa xa anunciou, antes que a propia Xunta de Galicia que os terreos do campo de fútbol servirían para a ampliación da EDAR. Pero ata maio de 2018 non había nada sobre a mesa. Foi a raíz do anuncio por parte da Xunta que a ampliación se ía a levar a cabo , que naceu a Plataforma.

Nestes últimos meses, o que se puxo de manifesto foi que a Xunta de Galicia pola alternativa máis económica que pasa por entubar todas as augas residuais domésticas e industriais do fondo da ría a un único punto, triplicando a EDAR actual, situada ao pé do banco marisqueiro máis importante e aumentando en miles de metros cadrados a ocupación do DPMT, sen importar o sufrimento de Lourizán e o dano ao medio ambiente. Esta alternativa non é sostible, nin para a ría nin para a parroquia de Lourizán e busca, entre outras cousas, perpetuar a ocupación do DPMT.

Nestes meses, e froito do conflito, enterrámonos de máis cousas a cerca da EDAR dos Praceres que nas últimas dúas décadas. Agora sabemos que o seu mal funcionamento se debe a que entra unha cantidade inasumible de augas fluviais e de auga de mar, dous dos factores que resultan fatais para que as bacterias podan facer o seu traballo e en consecuencia provocan que o saneamento das augas residuais sexa ineficaz. Agora sabemos que as augas industriais que proveñen do polígono da Reigosa e do Porto de Marín son un problema engadido, porque dificultan o saneamento e que o ideal sería que as domésticas se trataran por separado.

A Xunta de Galicia non deixou de mentir desde que desvelou os seus plans, para tratar de gañarse á opinión pública. Menten cando din que triplicar a EDAR actual é a única alternativa posible. Menten cando din que as empresas do polígono industrial de Marín e en Poio. Menten cando din que facer novas depuradoras repercutiría na factura da cidadanía. Menten cando din que os condicionantes orográficos imposibilitan unha depuradora en Marín. Menten cando din que o novo emisario submarino vai solucionar os problemas de saneamento da ría.

A Xunta de Galicia propón ampliar a EDAR dos Praceres ata os 38.000 m² para dar servizo a 150.000 persoas. En lugar de usar a tecnoloxía máis avanzada opta por unha barateira. En lugar de solucionar os problemas relacionados coas pluviais e coa auga de mar, a aposta é facer unha depuradora tan grande que aínda que chova moito e entre moita auga de mar, a auga de mar, a auga que quede acumulada tanques, abertos, por certo non herméticos, ata que deixe de chover, e non faga falta abrir os aliviadoiros sobre o banco marisqueiro, como fan agora.

A EDAR de Ferrol-Narón está dimensionada para unha poboación de 367.633 habitantes. Pois ben, a superficie que ocupa é de 22.000 m². A clave está no seu ano de inicio de funcionamento: 2017. É dicir, que é das máis modernas e con tecnoloxía máis avanzada. Unha clave é que esta depuradora non foi construída pola Xunta de Galicia senón polos propios concellos que son que a xestionan. A conclusión é que usando a tecnoloxía máis avanzada, non só sería necesario ampliar a depuradora actual, senón que se podería reducir. Incluso aínda que seguira a dar servizo aos concellos limítrofes. E non digamos xa se fora só para Pontevedra, cunha poboación de 82 hab.

Desde a Plataforma queremos deixar claro unha vez máis que consideramos un obxectivo irrenunciábel da sociedade conseguir un saneamento integral da ría. Especialmente polo ben do banco marisqueiro e das mariscadoras. Pero non queremos caer na trampa de ter elixir entre destruír o banco marisqueiro e o traballo das mariscadoras e destruír a parroquia. É posible conseguir o saneamento da ría sen ter que destruír Lourizán. En realidade, os veciños e veciñas de Lourizán estamos a demostrar o noso grado de responsabilidade ao asumir desde fai anos que teña que haber unha depuradora no noso territorio polo ben común. E parece que somos os únicos de todo o fondo da ría.

A Xunta de Galicia ignora a vontade dos pontevedreses, expresada a través do seu rexeitamento unánime do Pleno municipal á ampliación. E nunha fuxida cara adiante, quere colar pola porta de atrás o proxecto do novo emisario submarino, que só se xustifica coa ampliación posterior, sen asegurar as garantías democráticas da sociedade civil nin que sexa a solución dos problemas que din querer resolver, como queda patente nas ducias de alegacións presentadas. Nesta fuxida cara adiante están metido nas obras de Marín. Porque confían en que canto máis avancen, máis difícil será dar marcha atrás.

Resulta evidente a necesidade de abordar o saneamento da Ría de Pontevedra de forma integral, sentando a todas as artes implicadas na procura dun modelo que sexa racional e sustentábel e asumindo todos os concellos a súa responsabilidade.

Hoxe en día, a sociedade debería estar dando pasos cara a recuperación do DPMT, en toda a nosa costa, en xeral, e en Lourizán, en concreto. Chegados a este punto, de degradación da nosa parroquia, o razoable sería frear e empezar a recuperar o noso territorio.

Queremos que nos devolvan o noso paraíso roubado. E non só por nos. Sobre todos polas nosas avoas e polos nosos fillos e fillas.

SI AO SANEAMENTO INTEGRAL DA RÍA!

NON A AMPLIACIÓN DA DEPURADORA!